



Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de CIFP

Modelo MD85ACO01

Guía do alumnado do CIFP Manuel Antonio .

Curso 2023-2024

Versión	Modificación	Data
01	Versión inicial	01/09/2017





Índice

1	Presentación do centro	3
	1.1. Planos, localización e acceso	3
	1.2. Oferta educativa	3
	1.3. Organigrama funcional	3
	1.4. Outros.....	3
2	Política de calidade	3
3	Dereitos e deberes do alumnado	3
4	Normas de convivencia no centro	3
5	Servizos do centro	3
	5.1. Biblioteca	4
	5.2. Comedor.....	4
	5.3. Residencia.....	4
	5.4. Outros.....	4
6	Calendario escolar	4
7	Horario	4
8	Información de interese	4
	8.1. Validacións e exencións	4
	8.2. Faltas de asistencia	4
	8.3. Baixa de oficio	4
	8.4. Traslado.....	5
	8.5. Renuncia á matrícula..	5
	8.6. Bolsas.....	5
	8.7. Formación en centros de traballo	5
	8.8. Programas europeos ..	5
	8.9. FP+.....	5
	8.10. Recursos informativos	5
	8.11. Outros.....	5
9	Normas en caso de evacuación	5



1 Presentación do centro

O CIFP Manuel Antonio atópase no coñecido como barrio do Meixoeiro na cidade de Vigo. A súa construción data do ano 1976, cando foi erixido como Centro de Universidades Laborais na vertente norte da ladeira dun outeiro do barrio do Arieiro, pertencente á entidade menor de Bembrive, e alcanzando unha superficie total en todo o recinto educativo duns 52.600 m².

Ao longo da súa historia foi pasando por diferentes etapas sendo froito de diversas transformacións, todos eles con fins educativas. En efecto, logo do seu rol inicial como Universidade Laboral pasou a ser un C.E.I. (Centro de Ensinanzas Integradas), anos despois converteuse nun I.E.S.P (Instituto de Educación Secundaria e Profesional), e logo despois nun IES (Instituto de Educación Secundaria), para finalmente chegar a ser o actual CIFP (Centro Integrado de Formación Profesional) dende o 1 de xullo do ano 2011.

Desde o punto de vista arquitectónico caracterízase por ser un dos edificios docentes máis singulares da nosa comunidade autónoma xa que está formado por unha peculiar combinación de módulos rectangulares e poligonais de formigón prefabricado que se comunican entre si por corredores portantes, simulando a organización arquitectónica das aldeas tradicionais galegas.

Na actualidade o centro educativo dispón dunha oferta formativa ampla e variada dentro das familias profesionais de Hostalaría e turismo, Industrias alimentarias, Química, Sanidade e Têxtil, confección e pel, feito que o caracteriza por ser un dos centros de formación profesional máis grandes de Galicia.

Máis información na web do centro: [CIFP Manuel Antonio | \(xunta.gal\)](http://cifp-manuel-antonio.xunta.gal).

1.1. Planos, localización e acceso

Os **principais accesos** ao CIFP Manuel Antonio dende a cidade de Vigo son os seguintes:

- **Transporte particular:** Autovía A55, saída 5 en dirección ao Centro Comercial Meixoeiro ou pola Estrada Vella de Madrid en dirección Meixoeiro.
- **Transporte público:**
 - Mediante taxi. Teléfonos de contacto:
 - Central radio taxi: 986 470 000 / 986 470 033
 - Radio taxi Vigo: 986 252 700 / 986 272 829
 - Máis información: [Taxis - Concello de Vigo](#)
 - Mediante autobús urbano. Principais liñas de vitrasa con chegada ao Meixoeiro:

-  **13** Hospital do Meixoeiro - G. Vía - Navia

-  **31** San Lourenzo - Caños - G. Espino - R. Nieto - Hospital do Meixoeiro


-  **12A** Hospital do Meixoeiro - Pi i Margall - Muíños - Saiáns

-  **12B** Hospital A. Cunqueiro - Camelias - P. España - Hospital do Meixoeiro

-  **15B** Samil - Bouzas - Beiramar - Urzáiz - Cabral - Hospital do Meixoeiro - Xestoso

Máis información: [Bienvenidos a VITRASA - Transporte Urbano de la Ciudad de Vigo.](#)

En relación coa localización, é de interese destacar que nas inmediacións do CIFP Manuel Antonio atópanse outros edificios, administracións e/ou institucións de relevancia como se pode apreciar na seguinte imaxe:



Xa no interior do recinto educativo, o **plano de localización** das diferentes instalacións é o seguinte:



1.2. Oferta educativa

OFERTA FORMATIVA CIFP MANUEL ANTONIO - CURSO 23/24

TIPO DE FORMACIÓN	DENOMINACIÓN DO CICLO	CÓDIGO	RÉXIME	MODALIDAD	QUENDA	PAZAS
HOSTALARÍA E TURISMO						
FPBásica	Cociña e Restauración	CBHOT01	Ordinario	Presencial	Diurno	18
FP grao medio	Cociña e gastronomía	CMHOT01	Ordinario	Presencial	diurno/vespertino	44
FP grao medio	Cociña e gastronomía	ZMHOT01	Adultos. 1º e 2º itinerarios	Presencial	vespertino	22
FP grao medio	Servizos en restauración	CMHOT02	Ordinario	Presencial	Diurno	25
FP grao medio	Servizos en restauración	ZMHOT02	Adultos. 1º itinerario	Presencial	vespertino	25
FP grao superior	Axencias de viaxes e xestión de eventos	CSHOT02	Ordinario	Presencial	Diurno	30
FP grao superior	Axencias de viaxes e xestión de eventos	ZSHOT02	Adultos. 3 módulos	distancia	vespertino	50
FP grao superior	Dirección de cociña	CSHOT04	Ordinario	Presencial	Diurno	22
FP grao superior	Dirección de cociña	ZSHOT05	Adultos. 1º itinerario	distancia	vespertino	50
FP grao superior	Dirección de servizos de restauración	CSHOT05	Ordinario	Presencial	Diurno	22
FP grao superior	Guía, información e asistencia turísticas	CSHOT03	Ordinario	Presencial	Diurno	30
FP grao superior	Guía, información e asistencia turísticas	ZSHOT03	Adultos. 1º e 2º itinerarios	distancia	vespertino	50
FP grao superior	Xestión de aloxamentos turísticos	CSHOT01	Ordinario	Presencial	vespertino	30
FP especialización	Panadaría e bolaría artesanais	EMHOT50	Ordinario	presencial	vespertino	20
INDUSTRIAS ALIMENTARIAS						
FP grao medio	Panadaría, repostaría e confeitaría	CMINA01	Ordinario	Presencial	diurno/vespertino	44
FP grao medio	Elaboración de produtos alimentarios	ZMINA03	Adultos. 1º e 2º itinerarios	Dual	diurno/vespertino	12
QUÍMICA						
FP grao medio	Operacións de laboratorio	CMQUI02	ordinario	presencial	diurno	22
FP grao superior	Laboratorio de análise e de control de calidade	CSQUI01	ordinario	presencial	diurno	22
FP grao superior	Laboratorio de análise e de control de calidade	ZSQUI01	Adultos. 1º e 2º itinerarios	presencial	vespertino	22
FP grao superior	Química industrial	CSQUI02	ordinario	presencial	diurno	22
FP grao superior	Fabricación de produtos farmacéuticos, b	ZSQUI03	Adultos. 1º itinerario	Dual	vespertino	12
SANIDADE						
FP grao superior	Anatomía patolóxica e citodiagnóstico	CSSAN06	Ordinario	Presencial	Diurno	22
FP grao superior	Anatomía patolóxica e citodiagnóstico	ZSSAN06	Adultos. 4 módulos	Presencial	vespertino	22
FP grao superior	Hixiene bucodental	CSSAN09	Ordinario	Presencial	diurno/vespertino	44
FP grao superior	Laboratorio clínico e biomédico	CSSAN05	Ordinario	Presencial	Diurno	22
FP grao superior	Laboratorio clínico e biomédico	ZSSAN05	Adultos. 1º e 2º itinerarios	Presencial	vespertino	22
FP grao superior	Próteses dentais	CSSAN02	Ordinario	Presencial	Diurno	22
FP grao superior	Audioloxía protésica	ZSSAN01	Adultos. 2º itinerarios	presencial	Diurno	22
SEGURIDADE E MEDIO AMBIENTE						
FP grao superior	Química e saúde ambiental	CSSEA04	Ordinario	presencial	vespertino	22
TÉXTIL, CONFECCIÓN E PEL						
FPBásica	Tapizaría e cortinaxe	CBTCP12	Ordinario	Presencial	Diurno	18
FP grao medio	Confección e moda	CMTCP01	Ordinario	Presencial	Diurno	22
FP grao medio	Confección e moda	ZMTCP01	Adultos. 1º e 2º itinerarios	Presencial	vespertino	22
FP grao superior	Patronaxe e moda	CSTCP01	Ordinario	Presencial	vespertino	22

Máis información sobre a oferta educativa de formación profesional en Galicia: oferta de FP. Curso 2023-2024/Xunta de Galicia

1.3. Organigrama funcional

Nos CIFP de Galicia o organigrama funcional contempla dous tipos de órganos de participación no centro, por unha banda os órganos colexiados de participación e por outra banda os órganos colexiados de goberno. A continuación preséntase unha árbore co **organigrama do centro** no curso presente:

Organigrama Funcional CIFP Manuel Antonio 23/24



2 Política de calidade

A rede de Centros integrados de formación profesional de Galicia participa dun **sistema de xestión da calidade** conforme a norma UNE-EN ISO 9001:2015 no que se atopa inmerso o noso centro educativo. Convidámoste a participar neste sistema aportando a túa opinión a través das **enquisas** que poderás cumprimentar ao longo do curso ou a través do **formulario de suxestións** que atoparás na páxina web do centro. Contribuirás deste xeito á mellora do noso sistema de xestión da calidade.

Máis información sobre a política de calidade do centro: [política calidade cifp \(xunta.gal\)](http://xunta.gal/politica-calidade-cifp)

Enlace ao formulario de suxestións: [Formulario | CIFP Manuel Antonio \(xunta.gal\)](http://xunta.gal/formulario-cifp-manuel-antonio)

3 Dereitos e deberes do alumnado

O CIFP Manuel Antonio conta cunhas **Normas de Organización e Funcionamento (NOF)** que foron deseñadas para garantir o respecto entre todos os membros desta comunidade educativa e favorecer un entorno que permita acadar un óptimo aproveitamento dos recursos ao alcance do alumnado e o profesorado.

Dentro do documento que recolle as NOF, no seu punto 2.2 recóllense os **dereitos e deberes do alumnado** do centro. Estas normas serán comentadas por titoría de curso ao comezo do curso escolar. Porén, poden ser consultadas no seguinte enlace:

Dereitos e deberes alumnado:

Normas de organización e funcionamento (xunta.gal)

4 Normas de convivencia no centro

As NOF inclúen as **Normas de Convivencia** que garanten o cumprimento do Plan de convivencia. Recollen ademais a organización dos espazos e dos tempos, así como a distribución dos recursos para favorecer unha convivencia positiva no centro educativo. Por outra banda, establecen os procedementos de comunicación das faltas de asistencia do alumnado ás clases así como as correspondentes autorizacións ou xustificacións para os casos de ausencia.

Máis información sobre as Normas de convivencia: [PLAN DE CONVIVENCIA 22-23.pdf](#)

5 Servizos do centro

5.1. Biblioteca

A biblioteca do CIFP Manuel Antonio é un espazo de uso común para todos os membros da comunidade educativa que está programado como punto de estudo, de lecer para os afeccionados á lectura así como de consulta, procura de información e traballo mediante o emprego dos equipos informáticos a disposición dos usuarios.

Dado que é un espazo de convivencia para todos os membros desta comunidade educativa, é de especial relevancia que se respecten as normas de convivencia e que se faga un uso coidado e axeitado dos equipos e instalacións dispoñibles co fin de salvagardar os recursos.

Por outra banda cómpre subliñar que a biblioteca ten a disposición dos membros do CIFP Manuel Antonio un servizo de préstamo de libros, vídeos e DVD's, previo rexistro polo profesorado de garda que se atope no recinto en cada momento. Nesta liña é importante subliñar que os préstamos facilitaranse por un período de 15 lectivos con ata un máximo de 3 recursos prestantes por persoa. No caso de que o alumnado non cumpra estes requisitos de préstamo, procederase a actuar conforme aos pasos establecidos nas NOF (Normas de Organización e Funcionamento).

Ata o 15 de outubro o espazo biblioteca so atenderá a préstamos de material.

5.2. Aparcadoiro

O alumnado do centro ten á súa disposición unha área para o aparcamento de vehículos que se corresponde coa marxe esquerda sita a continuación da entrada do Centro así como unha zona engadida na marxe dereita. **En ningún caso o alumnado pode empregar o espazo sito logo da barreira**, dado que este espazo está solo habilitado para o persoal autorizado e esta autorización deberá ser acreditada en todo momento polo persoal do centro que o solicitase.

Por outra banda, infórmase que o alumnado dispón dun punto de recarga de patíns eléctricos ao carón da entrada do primeiro edificio do centro, tal como se indica no plano do centro.

Asemade, cómpre subliñar que **non se poden obstaculizar as vías de entrada e saída de vehículos**, que deben estar o suficientemente despexadas, especialmente por si se producise algunha situación de EMERXENCIA que precisase do paso de vehículos tales como ambulancias ou de extinción de incendios, por exemplo.

Polo ben convivir de toda a comunidade educativa, é importante ter coñecemento de que o incumprimento destas normas implicará medidas disciplinarias, unha vez máis de acordo as NOF (normas de organización e funcionamento) e as normas de convivencia do centro educativo.



6 Calendario escolar curso 2023-24.

Septiembre 2023						
Sem	Lu	Ma	Mi	Ju	Vi	Do
35				1	2	3
36	4	5	6	7	8	9
37	11	12	13	14	15	16
38	18	19	20	21	22	23
39	25	26	27	28	29	30

Octubre 2023						
Sem	Lu	Ma	Mi	Ju	Vi	Do
39						1
40	2	3	4	5	6	7
41	9	10	11	12	13	14
42	16	17	18	19	20	21
43	23	24	25	26	27	28
44	30	31				

Noviembre 2023						
Sem	Lu	Ma	Mi	Ju	Vi	Do
44			1	2	3	4
45	6	7	8	9	10	11
46	13	14	15	16	17	18
47	20	21	22	23	24	25
48	27	28	29	30		

Diciembre 2023						
Sem	Lu	Ma	Mi	Ju	Vi	Do
48				1	2	3
49	4	5	6	7	8	9
50	11	12	13	14	15	16
51	18	19	20	21	22	23
52	25	26	27	28	29	30

Enero 2024						
Sem	Lu	Ma	Mi	Ju	Vi	Do
1	1	2	3	4	5	6
2	8	9	10	11	12	13
3	15	16	17	18	19	20
4	22	23	24	25	26	27
5	29	30	31			

Febrero 2024						
Sem	Lu	Ma	Mi	Ju	Vi	Do
5				1	2	3
6	5	6	7	8	9	10
7	12	13	14	15	16	17
8	19	20	21	22	23	24
9	26	27	28	29		

Marzo 2024						
Sem	Lu	Ma	Mi	Ju	Vi	Do
9				1	2	3
10	4	5	6	7	8	9
11	11	12	13	14	15	16
12	18	19	20	21	22	23
13	25	26	27	28	29	30

Abril 2024						
Sem	Lu	Ma	Mi	Ju	Vi	Do
14	1	2	3	4	5	6
15	8	9	10	11	12	13
16	15	16	17	18	19	20
17	22	23	24	25	26	27
18	29	30				

Mayo 2024						
Sem	Lu	Ma	Mi	Ju	Vi	Do
18			1	2	3	4
19	6	7	8	9	10	11
20	13	14	15	16	17	18
21	20	21	22	23	24	25
22	27	28	29	30	31	

Junio 2024						
Sem	Lu	Ma	Mi	Ju	Vi	Do
22						1
23	3	4	5	6	7	8
24	10	11	12	13	14	15
25	17	18	19	20	21	22
26	24	25	26	27	28	29

Calendario escolar para el curso 2023-24 en Galicia.

11/09	Inicio das actividades lectivas
21/06	Fin das actividades lectivas
Vacacións	Nadal: 22 decembro 23 ata o 7 xaneiro 24, ambos inclusive Entroido: 12, 13 e 14 febreiro 24 Semana Santa: 25 marzo a 1 abril 24, ambos inclusive
Outros días non lectivos	Día da hispanidade: 12 outubro 23 Día de todos os Santos: 1 novembro 23 Día da Constitución: 6 decembro 23 Día do ensino: 7 decembro 23 Día da Inmaculada Concepción: 8 decembro 23 Día do traballo: 1 maio 24 Día das letras galegas: 17 maio 24 Días elexidos polo centro: 13 outubro 23 e 20 maio 24



De conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, os centros docentes sostidos con fondos públicos realizarán actividades específicas próximas ás datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito destas persoas.

Conmemoracións durante o curso escolar 2023-24

20 de novembro de 2023: Día Universal da Infancia.
25 de Novembro do 2023: Día internacional contra a Violencia de Xénero.
28 de novembro ata 5 de decembro do 2023: conmemoración da constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
3 de decembro de 2023: Día internacional das persoas con Discapacidade.
10 de decembro de 2023: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
24 de xaneiro de 2024: Día internacional da Educación.
30 de xaneiro de 2024: Día escolar da non Violencia e da Paz.
23 de febreiro de 2024: Día de Rosalía de Castro.
8 de marzo de 2024: Día Internacional da Muller.
15 de marzo de 2024: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
Do 4 ao 8 de marzo do 2024: Semana da prensa.
1 de abril de 2024: Día das Artes Gallegas.
7 de abril de 2024: Día Mundial da Saúde.
Do 22 ao 26 de abril de 2024.
2 de maio do 2024: Día Internacional contral o Acoso Escolar.
9 de maio do 2024: Día de Europa
Do 13 ao 17 de maio do 2024: Semana das Letras Galegas.
5 de maio do 2024: Día Mudial do Medio Ambiente

7 Horario

O/s horario/s das instalacións educativas son os seguintes:

SERVIZOS	HORARIO DE APERTURA
O centro educativo	De luns a venres de 8:00 a 23:00 horas
Atención ao público na conserxería	De luns a venres de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 21:00 horas
Atención administrativa na secretaría	De luns a venres de 9:00 a 14:00 e de luns a mércores 16:00 a 19:00 horas
Clases lectivas en réxime ordinario de mañá	De luns a venres de 8:40 a 15:00 horas ¹ , cun descanso entre as 11:40 e as 12:00 horas
Clases lectivas en réxime ordinario de vespertino	De luns a venres de 15:40 a 21:00 horas ² , cun descanso entre as 18:20 e as 18:40.
Clases lectivas en réxime de adultos modular	De luns a venres de 16:20 a 21:40 ³ horas, cun descanso entre as 18:20 e as 18:40 horas.
Biblioteca Francisco Fernández del Riego	De luns a venres de 8:40 a 20:40. Ata o 20 de outubro so préstamos.

Os horarios específicos de cada curso e grupo educativo serán presentados pola titoría do mesmo o día da presentación do curso escolar.

Por outra banda, os horarios de atención ao público da dirección, xefatura de estudos, servizo de orientación profesional e outras coordinacións e/ou departamentos do centro educativo estarán a disposición dos usuarios/as na conserxería do centro así como na páxina web unha vez comezado o curso escolar e configurados os horarios definitivos.

¹ Agas situacións excepcionais

8 Información de interese

8.1. Validacións e exencións

As validacións de módulos poden seguir dous procesos de resolución diferenciados:

As validacións de módulos poden seguir dous procesos de resolución diferenciados:

ÓRGANO QUE RESOLVE	TIPO DE VALIDACIÓN	PROCEDEMENTO A SEGUIR POLO ALUMNADO
Centro educativo	Aquelas que corresponden cos módulos profesionais que compartan os mesmos códigos, denominacións, contidos e duración, con independencia do ciclo formativo ao que pertencen.	O alumnado poderá solicitar as validacións nos primeiros 20 días desde o inicio das clases.
Ministerio de educación e formación profesional	Resto dos casos	Dende o día de inicio do curso ata o día de finalización, tendo preferencia as solicitudes presentadas antes do 30 de outubro 2023.

Más información: <https://www.edu.xunta.gal/portal/node/37490>

8.2. Faltas de asistencia

Para o alumnado de formación profesional en modalidade presencial (tanto en réxime ordinario como de adultos) **a asistencia ás clases é de obrigado** cumprimento.

Cando o alumnado se ausente das clases lectivas pode incurrir na **perda do dereito a avaliación continua**, feito que se alcanza cando o alumnado presenta **faltas de asistencia nun 10% das horas dun módulo** formativo de xeito **non xustificado**.

A perda do dereito á avaliación continua será comunicado debidamente ao alumnado por parte da persoa que exerza a titoría do seu curso. De todos os xeitos, previa comunicación da perda do dereito da avaliación continua, o alumando recibirá un aviso en forma de apercibimento cando alcance o 6% de faltas de asistencia respecto das horas totais do módulo formativo.

Os motivos e/ou causas xustificables a efectos de faltas de asistencia e baixa de oficio recóllense no anexo II.

8.3. Baixa de oficio

O centro educativo procederá a dar de baixa ao alumnado que se ausente do centro educativo de forma **inxustificada** por un período de tempo superior a 15 días lectivos consecutivos, ou 25 días lectivos descontinuos, feito que será comunicado ao alumnado a través da titoría do grupo.

Tal circunstancia suporá a perda da condición de alumno/a do ciclo formativo coa correspondente convocatoria computada como xa consumida, tendo en conta que o número máximo de convocatorias ao que se pode presentar o alumnado é de 4 por cada módulo formativo.

8.4. Traslado

O traslado de expediente é un trámite administrativo que se xestiona **na secretaría do centro**, polo que o alumnado interesado en realizar este trámite deberá acudir a este órgano para proceder ao mesmo.

8.5. Renuncia á matrícula

Co fin de non esgotar as catro convocatorias previstas para cada módulo profesional, o alumnado poderá **renunciar unha soa vez** á avaliación da totalidade dos módulos profesionais no réxime ordinario, e de xeito parcial no caso do réxime de persoas adultas, sempre que se de algunha das seguintes circunstancias:



Enfermidade prolongada do alumnado ou familiares ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade. (Anexo III. graos de consanguinidade ou afinidade)

Incorporación a un posto de traballo mediante contrato de duración superior aos dous meses, nun horario que sexa incompatible coas ensinanzas do ciclo.

Obrigacións de tipo familiar ou persoal que impidan a normal dedicación ao estudo.

Tales circunstancias **deberanse xustificar documentalmente**.

8.6. Bolsas

O Ministerio de Educación de Formación Profesional do Goberno de España convoca cada ano **bolsas e axudas para o estudo** nas diferentes etapas educativas. Para os estudantes de Formación Profesional se establecen becas de diferentes cantidades e tipos en función das características persoais e familiares da persoa solicitante.

Para máis información consultar ao **Departamento de Información e Orientación Profesional** do centro ou no enlace do Ministerio: [Portada - Becas y ayudas para estudiantes | Ministerio de Educación y Formación Profesional \(becaseducacion.gob.es\)](#)

8.7. Formación en centros de traballo

A formación en centros de traballo é un módulo profesional que terás que cursar durante o desenvolvemento do ciclo formativo e que consiste en realizar **prácticas profesionais nunha empresa** real que será asignada polo teu titor/a.



8.8. Programas europeos

O CIFP Manuel Antonio dispón de carta **ERASMUS** que posibilita que tanto o alumnado de ciclos medios e superiores como o profesorado do centro educativo poidan acceder a estadias formativas dentro dos países da Unión Europea que participen no programa.

Toda a información relativa ao desenvolvemento destes procesos será publicada pola **Coordinación de Programas Internacionais** a través dos diferentes recursos informativos dispoñibles no centro ao longo do curso escolar.

8.9. FP +

8.10. Emprendemento

O CIFP Manuel Antonio forma parte da rede **EduEmprende**, que ten en marcha diversos programas dirixidos á promoción e fomento do emprendemento profesional por parte do alumnado de formación profesional. O centro conta cunha coordinación de emprendemento que se encarga de por en marcha estas iniciativas para o alumnado do Manuel Antonio así como de coordinar o **Viveiro de empresas**, espazo no que se asesoran ideas de negocio.

Desde a Coordinación de Emprendemento informarase puntualmente das actividades previstas para Estes programas no curso 23/24 e as condicións de participación do alumnado para cada unha delas.

8.11. Recursos informativos

O alumnado do centro disporá de toda a información precisa en relación coa comunidade educativa a través dos seguintes recursos:

- Páxina web: [CIFP Manuel Antonio | \(xunta.gal\)](http://xunta.gal)
- Aula virtual: [Aula Virtual CIFP Manuel Antonio \(xunta.gal\)](http://xunta.gal)
- Plataforma Abalar da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
- Pantallas informativas dentro do centro educativo.
- Redes sociais informativas
 - Instagram: [CIFP Manuel Antonio \(@cifpma\)](https://www.instagram.com/cifpma) • [Fotos y videos de Instagram](#)
 - Facebook: [CIFP Manuel Antonio - Inicio | Facebook](#)

8.12. Outros

8.12.1. Programacións didácticas

A programación didáctica de cada módulo é o documento que recolle o plan de traballo, organización, funcionamento e avaliación de cada módulo formativo. Nos primeiros días do curso o profesorado facilitará ao alumnado un resumo coa **información básica da programación didáctica** do módulo, é dicir os obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación, os procedementos e instrumentos de avaliación e os criterios de cualificación que se empregarán no desenvolvemento do mesmo.

Asemade, as programacións didácticas de cada módulo estarán a disposición do alumnado na páxina web e na aula virtual do centro.

8.12.2. Ciclos bilingües ou plurilingües

O CIFP Manuel Antonio oferta ciclos formativos nos que se fomenta o emprego de linguas estranxeiras. Para o curso 23/24 dispónse dos seguintes ciclos:

FAMILIA PROFESIONAL	CICLO FORMATIVO	LINGUA ESTRANXEIRA	MODALIDADE
Téxtil, confección e pel	CS Patronaxe e Moda	Inglés	Plurilingüe
Química	CS Química Industrial	Inglés	Plurilingüe
Hostalaría e turismo	CS Guía, información e asistencia turísticas	Inglés	Sección Bilingüe



9 Normas en caso de evacuación

No CIFP existe un **Plan de autoprotección** adaptado ao centro. Ao longo do curso levaranse a cabo simulacros de evacuación para posibles casos de emerxencia. As Normas de Evacuación daranse a coñecer a todo o alumnado a través das titorías.

De todos os xeitos como **recomendacións** básicas cómpre subliñar:

1. No caso de detectar un ACCIDENTE:
 - Comunicarllo ao responsable máis próximo
 - Manter a orde e a calma
2. Se soa a ALARMA de emerxencias:
 - Atender as indicacións do responsable de planta
 - Non demorarse para recoller obxectos persoais
 - Saír ordenadamente e sen correr
 - Non falar durante a evacuación
 - Permanecer no punto de reunión en proximidade do responsable de planta.

Máis información: [plan autoprotección \(xunta.gal\)](http://xunta.gal)





ANEXOS

ANEXO I



PROTOCOLO DE INASISTENCIA A CLASE: MANIFESTACIÓN OU CONCENTRACIÓN:

- Os delegados dos grupos, que decidan participar nunha manifestación ou concentración colectiva de estudantes convocada polo Sindicato Estudiantil, presentarán un escrito, modelo dispoñible en Xefatura de estudos e conserxería, dirixido a Dirección do Centro, onde se explicarán os motivos da inasistencia, a súa duración e o alumnado implicado.
- Os alumnos menores de idade que desexen participar na convocatoria, necesitarán presentar en Xefatura de estudos unha autorización expresa do seu pai/nai ou representante legal, 24 horas antes da inasistencia. Recoller o impreso de autorización na conserxería do Centro.
- O escrito de cada grupo terase que presentar, a lo menos, con 48 horas de antelación a inasistencia.
- Haberá máximo respecto co alumnado que non participe na concentración ou manifesta- ción, que permanecerá na aula co profesor.
- O Profesorado rexistrará a falta de asistencia do alumnado que non estea presente, deixando constancia en Xefatura de estudos, tendo en conta que dita falta non será obxecto de sanción, sempre que se cumpra o protocolo de inasistencia.
- Só serán autorizadas aquelas inasistencias colectivas que cumpran o protocolo de inasistencia as aulas, por MANIFESTACIÓN OU CONCENTRACIÓN, garantindo o cumprimento do R.D. 732/1995, relativo ós dereitos e deberes dos alumnos e normas de convivencia nos Centros, que no artigo 27 di: "o alumnado ten dereito a manifestar a súa discrepancia respecto as decisións educativas que lles afecten".
- A falta colectiva a clase, sen mediar convocatoria xustificada de inasistencia, está tipificada na LEI 4/2011, no Artigo 16 como conduta leve contraria a convivencia, o que implicará unha sanción ou medida correctora da actuación.




ANEXO II: Motivos e causas de xustificación de faltas do alumnado a efectos de perda do dereito á avaliación continua e baixa de oficio

MOTIVO/CAUSA	XUSTIFICACIÓN	LIMITACIÓN/OSERVACIÓNS
Organismos oficiais: citacións xulgado, examen do carnet de conducir, DNI, servizo de emprego ou, exames de organismos oficiais entre outros.	Documento oficial que acredite a data e a hora/s de asistencia correspondente	
Enfermidade ou accidente do alumno/a	Parte do facultativo médico con indicación do período de repouso necesario que lle imposibilita a asistencia ao centro educativo	
Citas médicas en horario escolar	Documento do órgano competente que acredite a asistencia do alumno/a á cita médica correspondente (con indicación de data e horas, de entrada e saída).	As citas médicas xustifican as horas de ausencia pola cita así como o tempo de traslado dende o lugar da cita ao centro educativo.
Falecemento, accidente ou enfermidade grave, hospitalización ou intervención cirúrxica dun familiar ata o segundo grao de consanguinidade (pais/nais, irmáns, fillos, avós/ás).	Documento do órgano competente que acredite a situación familiar de gravidade así como o grado de parentesco do alumno/a.	Neste caso a falta xustificada alcanzará un máximo de 3 días hábiles na mesma provincia ou 5 días noutra provincia.
Motivos laborais	Documento acreditativo da relación contractual do estudante coa empresa correspondente debidamente selado e asinado	Poderase xustificar ata un máximo dun 5% da carga horaria total de cada módulo formativo

IMPORTANTE: os documentos xustificativos deberanse entregar á titoría nun prazo máximo de 5 días hábiles dende a reincorporación do alumnado ás clases . De todos os xeitos, na medida das súas posibilidades, o alumnado deberá informar da súa ausencia polos canles de comunicación habituais, o antes posible ao profesorado e/ou á persoa titora.



ANEXO III: Grados de consanguinidade e afinidade



ANEXO IV: Lexislación aplicable.

Orde do 12 de xullo de 2011, pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial. (DOG de 15 de xullo)

Resolución do 22 de xuño de 2022, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2022/23.

Orde do 13 de xullo de 2015, pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica.

Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade Educativa.

Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a lei 4/2011 do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Lei 42/2010, do 30 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, o subministro, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco.

